



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

#### PROVIDENCIA DE INCOACIÓN:

Polo Técnico de Cultura informouse da necesidade de contratar os servizos pirotécnicos para as Festas de San Roque 2024.

As festas patronais de San Roque, que se celebran no mes de agosto, son as máis concorridas de Vilagarcía. Veciños de Vilagarcía e doutras poboacións da comarca, así como veraneantes, acoden ás mesmas, especialmente á Festa da Auga e a contemplar o denominado Combate Naval. Este último, é un espectáculo de fogos de artificio que atrae a un gran número de persoas a Vilagarcía.

Ademais, coa finalidade de realzar os distintos eventos que teñen lugar durante as festas e contribuír a crear un ambiente festivo, realizaranse disparos de fogo detonante.

Estas actuacións, contribuirán sen dúbida, a que se acheguen a Vilagarcía moitas persoas nesas datas, o que redundará nunha mellora da economía do municipio, especialmente dos establecementos de hostalería.

O Concello non conta con medios materiais e humanos para a realización dos servizos pirotécnicos obxecto do contrato, que, por outra parte, deben ser realizados por persoal especializado de acordo coa normativa vixente en materia de cartuchería e explosivos, polo que é necesaria a contratación dos mesmos con unha empresa especializada.

O orzamento do contrato se desagrega do seguinte xeito:

O contrato ten por obxecto a execución dun servizo de acordo co disposto no art. 17 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Sen IVE	IVE ( 21%)	Total (IVE inc.)
39.252,34 €	8.242,99 €	47.495,33 €

O valor estimado do contrato ascende a 39.252,34 €.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, toda vez que de acordo co disposto no art. 159 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, en relación co art. 22.1. a) do mesmo texto legal, o valor estimado do contrato é inferior a 140.000 €.

O contrato cofinanciarase polo Concello de Vilagarcía de Arousa e pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó Plan + Provincia 2024, coa seguinte desagregación:





	<b>Importe</b>
Concello	1.079,73 €
Deputación Prov.(Plan + Provincia 2024) (Combate Naval)	46.415,60 €

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación do servizo de referencia e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratación do sector público (PLACSP).

Asdo.: Alberto Varela Paz  
Alcalde-Presidente

